

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 1 de marzo de 2013 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2013.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación na lingua oficial, na lingua cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras. No seu artigo 157 establece que corresponde ás administracións educativas fornecer os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Dentro da cooperación interterritorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a convocar, nos últimos anos, actividades formativas tanto dentro do Estado español como no estranxeiro para o profesorado, co obxectivo de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia en comunicación lingüística en linguas estranxeiras a través do contacto directo con persoas dos países de fala inglesa, francesa, alemá e portuguesa.

Esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns e cidadás da nosa comunidade autónoma e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o Plan de potenciación de linguas estranxeiras ao abeiro do Decreto 79/2010, que pretende dar continuidade a propostas anteriores como a anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, o programa Cuale e os programas de seccións bilingües, así como implantar novas propostas como a creación dos centros plurilingües. Todas estas accións requiren para a súa óptima implantación dun profesorado actualizado e cun alto nivel de competencia comunicativa, polo que tamén se deseñaron os programas CALC (cursos de actualización lingüística e comunicativa) para o profesorado, que se desenvolven nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Do mesmo xeito, levaranse a cabo diferentes actividades formativas dentro do marco do programa PALE e PIALE.



Con esta convocatoria trátase de mellorar a competencia idiomática do profesorado así como afondar na didáctica do ensino de idiomas estranxeiros. Con este fin, ofértanse itinerarios intensivos que revitalicen e potencien contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos, que potencien que se avance na consolidación e adquisición de niveis de competencia lingüística superior e se teña a ocasión de aplicar no propio contexto todo o adquirido, fomentando o carácter cooperativo entre os participantes.

Consonte o anteriormente exposto, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é a convocatoria de prazas para a realización de itinerarios formativos para a mellora da competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado.

Artigo 2. *Modalidades das prazas convocadas*

As modalidades en que se convocan prazas para o profesorado son as seguintes:

1. Modalidade 1: inmersión. Itinerario formativo en tres fases.

– Fase A (75 horas): curso de formación en inglés na Comunidade Autónoma de Galicia, que terá lugar en período lectivo con substitución.

– Fase B (75 horas): inmersión no país falante da lingua estranxeira de ensino e aprendizaxe, cunha duración de tres semanas, que se realizará no mes de xullo de 2013 nun dos seguintes países: Reino Unido, Canadá ou Estados Unidos.

– Fase C (25 horas): fase de elaboración de materiais para a sociedade da información, que se realizará no primeiro trimestre do curso 2013-2014.

2. Modalidade 2: integración. Itinerario formativo en dúas fases.

– Fase de integración (100 horas): programa de inmersión total en inglés, consistente na integración na vida escolar, sen obrigas lectivas, en centros escolares de Canadá. O profe-



sorado seleccionado integrárase en centros escolares e estará acompañado no horario lectivo do centro por un/unha docente da súa mesma área ou materia durante catro semanas no primeiro trimestre do curso 2013-2014 e será substituído nos seus centros educativos.

– Fase de elaboración de materiais (25 horas): elaboración de materiais para a sociedade da información, no primeiro trimestre do curso 2013-2014.

3. Modalidade 3: cursos. Itinerario formativo en dúas fases.

– Fase de formación (50 horas): convócanse os seguintes cursos de lingua estranxeira, que se desenvolverán nos meses de xullo e agosto de 2013:

3.1. Curso de dúas semanas para profesorado especialista de inglés de ensino primario e secundario no Reino Unido.

3.2. Curso de dúas semanas para profesorado especialista de francés de ensino secundario e primario en Francia.

3.3. Curso de francés en Francia de dúas semanas de duración para profesorado non especialista de ensino secundario e primario. Para poder participar o profesorado deberá acreditar un nivel B2 en lingua francesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

3.4. Curso de portugués en Portugal de dúas semanas de duración para profesorado especialista e non especialista de ensino secundario e primario. Para poder participar o profesorado deberá acreditar un nivel B2 de lingua portuguesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

3.5. Curso de alemán en Alemaña de dúas semanas de duración para profesorado especialista e non especialista de ensino secundario e primario. Para poder participar o profesorado deberá acreditar un nivel B2 de lingua alemá do Marco común europeo de referencia para as linguas.

– Fase de elaboración de materiais (25 horas): elaboración de materiais para a sociedade da información, no primeiro trimestre do curso 2013-2014.

Artigo 3. *Profesorado destinatario e requisitos de participación*

1. As persoas solicitantes, con carácter xeral, deben ser funcionarias de carreira dos corpos docentes detallados neste artigo.



2. Na modalidade 1, de inmersión, poderán participar, segundo as actividades relacionadas no anexo V, os seguintes docentes:

a) Na actividade 1.1. Profesorado especialista en inglés que estea a impartir a lingua estranxeira en educación infantil.

b) Na actividade 1.2. Profesorado especialista en inglés que estea a impartir a lingua estranxeira en educación primaria.

c) Na actividade 1.3. Profesorado AICLE/CLIL (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos en inglés) de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato ou de formación profesional, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2.

d) Na actividade 1.4. Profesorado AICLE/CLIL (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos en inglés) de educación primaria, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2.

e) Tamén poderá optar ás prazas das actividades 1.3. e 1.4. o profesorado que teña previsto participar no programa de seccións bilingües ou no de centros plurilingües a partir do curso 2013-2014, presentando:

i) Un compromiso individual e do seu centro educativo de participación nalgún dos ditos programas durante o próximo curso, mediante a certificación de aprobación do Consello Escolar, unha vez informado o Claustro;

ii) A acreditación da competencia lingüística B2 na lingua estranxeira en que vaia impartir a súa materia.

O profesorado referido neste punto poderá ser seleccionado sempre que queden prazas libres, xa que ten prioridade aquel profesorado que estea impartindo docencia CLIL.



3. Na modalidade 2, de integración, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo V, o seguinte profesorado:

a) Na actividade 2.1. Profesorado de inglés de ensino secundario que sexa coordinador de centros plurilingües ou do programa de seccións bilingües.

b) Na actividade 2.2. Profesorado AICLE/CLIL (de áreas ou materias non lingüísticas impartidas en inglés) de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2.

c) Na actividade 2.3. Profesorado AICLE/CLIL (de áreas ou materias non lingüísticas impartidas en inglés) de educación primaria, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2.

4. Na modalidade 3, de cursos, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo V, o seguinte profesorado:

a) Na actividade 3.1. Profesorado especialista de inglés. Para os efectos desta orde enténdese que son especialistas: os catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario de inglés e os catedráticos/as e profesores/as de EOI de inglés. Así mesmo, poderán participar as/os inspectores/as que teñan como especialidade de orixe lingua estranxeira. Do mesmo xeito, poderán participar os mestres/as especialistas de inglés que non estean impartindo inglés en educación infantil ou educación primaria.

b) Na actividade 3.2. Profesorado especialista de francés. Para os efectos desta orde enténdese que son especialistas: os catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario de francés, os mestres/as de francés e os catedráticos/as e profesores/as de EOI de francés. Así mesmo, poderán participar as/os inspectores/as que teñan como especialidade de orixe lingua estranxeira.

c) Nas actividades 3.3., 3.4., 3.5. Profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Inspección Educativa.



d) O profesorado participante nesta modalidade deberá asinar o anexo VI, comprometéndose a promover a creación ou o mantemento de seccións bilingües ou do programa de centros plurilingües no seu centro de destino e a impartir a súa materia na lingua correspondente.

5. As persoas que participaron nas actividades convocadas pola Orde do 23 de xaneiro de 2012 (DOG do 2 de febreiro) non terán preferencia para participar nas actividades ofertadas nesta orde, polo que só poderán ser seleccionadas se non se cubriren todas as prazas.

6. As persoas participantes en cada unha das modalidades que non sexan especialistas en lingua estranxeira deberán facer a proba que se determine ao finalizar a fase de inmersión ou integración, que poderá acreditar a competencia do nivel B2 segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas.

Artigo 4. *Criterios de exclusión*

Quedarán excluídas desta convocatoria as persoas solicitantes que estean gozando no curso 2012-2013, ou que teñan concedida para o curso 2013-2014, licenza por estudos outorgada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5. *Organización das actividades*

A organización das actividades correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen poderá concertar os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.

Artigo 6. *Solicitudes de participación e prazo de presentación.*

1. As persoas solicitantes deberán completar, en liña, a solicitude que como formulario electrónico se atopará na páxina web <http://www.edu.xunta.es/piale>. As solicitudes unha vez validadas e impresas deberán estar asinadas polas persoas solicitantes. Posteriormente, estas solicitudes deberán dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, xunto coa documentación expresada no artigo 7, e presentaranse a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas xefaturas territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992,



de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na solicitude apareza a data de recepción no organismo público correspondente.

2. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes, e unha vez aprobada pola Orde do 15 de setembro de 2011 a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, os interesados poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. A chegada de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán de carácter de copia auténtica.

Neste caso, os solicitantes deberán anexar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lles poida requirir a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Se a solicitude é remitida por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datada e selada na oficina de Correos antes de que se realice a súa certificación.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo cardinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do



vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 7. *Documentación*

Á solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

1. Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no anexo III.

2. Certificado, expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e praxe da persoa directora, en que conste a área, materia ou módulo que imparte a persoa solicitante durante o curso académico 2012/13.

3. Compromiso de participación no programa segundo o anexo IV.

4. Para o futuro profesorado AICLE/CLIL, a documentación referida no artigo 3, punto 2.e).

5. Acreditación do nivel lingüístico exigido para cada praza, agás para aquelas persoas que xa teñan recollida esta información no expediente de datos persoais.

6. Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que aleguen. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo que se inclúe no anexo II desta orde. A compulsa de documentos xustificativos de méritos e calquera outro que a persoa solicitante incorpore á súa solicitude poderá efectuarse nos centros de traballo das persoas solicitantes, compulsa que asinará o/a director/a ou secretario/a do centro, sen prexuízo de que se poida realizar nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo a que se refire o artigo 6 desta convocatoria.

Artigo 8. *Procedemento para a adxudicación das prazas*

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

– Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.



– Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa.

– Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

– Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión.

– A comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, limitándose as devanditas persoas a prestaren a súa colaboración.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos apartados 1 e 2 do baremo do anexo II. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

Esta comisión rexerese polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo II desta convocatoria. En caso de empate entre os funcionarios, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2.2 do baremo.

De manterse o empate, terá preferencia a persoa de maior antigüidade no corpo.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es/piale) na internet.

A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das actividades perante a persoa que exerza a presidencia da comisión. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final dos seleccionados e de suplentes ordenados por puntuación.



A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e exporase no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es/piale) na internet.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

5. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

Artigo 9. *Renuncias e retirada de documentación*

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade e libremente apreciadas pola persoa que exerza a presidencia da comisión de selección.

As prazas vacantes seranlles ofertadas ás persoas suplentes por chamamento directo segundo a relación publicada.

2. Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas, ou os seus representantes legais, disporán dun prazo de seis meses para poder retirar a documentación ante a persoa que preside a comisión. Unha vez transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

3. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10. *Comunicación*

Toda a información con respecto á organización e ao desenvolvemento dos cursos, das viaxes ao lugar de realización e das reunións informativas será anunciada no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/piale>



Artigo 11. *Condicións económicas*

Para as actividades realizadas fóra de Galicia, a Consellería encargárase, a través das empresas adxudicatarias, do desprazamento, da docencia, das actividades culturais, da manutención e do aloxamento. A Consellería determinará o medio de desprazamento ao país estranxeiro, así como o tipo de aloxamento e manutención, que será comunicado ao profesorado seleccionado unha vez adxudicadas as empresas.

Artigo 12. *Retribucións*

Durante o tempo de duración das actividades de formación o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias.

Artigo 13. *Certificación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria expedirá as seguintes certificacións, segundo as modalidades:

1. Modalidade 1: unha vez rematadas as tres fases, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitirá tres certificados ás persoas participantes no programa: un certificado de 75 horas pola primeira fase, un certificado de 75 horas pola fase de formación no estranxeiro e un certificado de 25 horas pola terceira. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase.

2. Modalidade 2: unha vez rematadas as dúas fases, o profesorado participante por esta modalidade recibirá dous certificados pola súa participación no programa: 100 horas de formación permanente pola fase de integración en centros canadenses e 25 horas pola fase de elaboración de materiais. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase.

3. Modalidade 3: unha vez rematadas as dúas fases, o profesorado participante por esta modalidade recibirá dous certificados pola súa participación no programa: 50 horas de formación permanente pola primeira fase e 25 horas pola fase de elaboración de materiais.



En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase.

Artigo 14. *Habilitación normativa*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Artigo 15. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2013

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO ESTRANXEIRO. ANO 2013		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED305F	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>			
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ENDEREZO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			
SOLICITA: que lle sexa concedida a actividade de formación que se sinala a continuación.			
ACTIVIDADES <input type="checkbox"/> PIALE. Inglés en infantil <input type="checkbox"/> PIALE. Inglés en primaria <input type="checkbox"/> PIALE. Inglés para profesorado CLIL de secundaria/FP <input type="checkbox"/> PIALE. Inglés para profesorado CLIL de primaria <input type="checkbox"/> PIALE. Integración para profesorado de inglés de secundaria <input type="checkbox"/> PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de secundaria <input type="checkbox"/> PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de primaria <input type="checkbox"/> Inglés oral para profesorado especialista <input type="checkbox"/> Francés para profesorado especialista <input type="checkbox"/> Inglés para profesorado non especialista <input type="checkbox"/> Francés para profesorado non especialista <input type="checkbox"/> Lingua portuguesa <input type="checkbox"/> Lingua alemá		CORPO E ESPECIALIDADE <input type="checkbox"/> Mestres <input type="checkbox"/> Profesores ensino secundario <input type="checkbox"/> Inspección educativa <input type="checkbox"/> Asesores <input type="checkbox"/> Non especialistas <input type="checkbox"/> Especialidade de inglés <input type="checkbox"/> Especialidade de francés <input type="checkbox"/> Especialidade de alemán <input type="checkbox"/> Especialidade de portugués	
ACREDITACIÓNS DE IDIOMAS <input type="checkbox"/> B1 Inglés <input type="checkbox"/> B2 Inglés <input type="checkbox"/> B1 Francés <input type="checkbox"/> B2 Francés <input type="checkbox"/> B2 Alemán <input type="checkbox"/> B2 Portugués		GOZOU NA ÚLTIMA CONVOCATORIA DESTA AXUDA? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
DATOS PROFESIONAIS CÓDIGO DO CENTRO <input type="text"/> NOME DO CENTRO <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> ENDEREZO DO CENTRO <input type="text"/>		DATOS CLIL <input type="checkbox"/> CLIL <input type="checkbox"/> Persoa coordinadora sección bilingüe ou centro plurilingüe <input type="checkbox"/> Futuro CLIL	
<p>De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.</p>			
<p>En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.</p>			
LEXISLACIÓN APLICABLE Orde do 1 de marzo de 2013 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2013.			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

CVE-DOG: qodbsp09-z6x7-hud7-4gz7-ee4ibznidbd9



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

Baremo

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Méritos docentes. – Por cada ano de servizo como funcionario/a de carreira.	0,5 punto por ano completo.	3 puntos	
2. Outros méritos			
2.1. Docencia en actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación.	1,5 puntos	
2.2. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado relacionadas con linguas estranxeiras, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación	3 puntos	
2.3. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación.	1,5 puntos	
2.4. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras (modalidade 1 e 2) nos institutos de educación secundaria establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Participación no programa de seccións europeas, seccións bilingües, aulas bilingües ou centros plurilingües da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	0,5 puntos por ano.	4 puntos	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas
2.5. Participación en intercambios ou estadias formativas, con alumnos, no estranxeiro. Participación no programa de inmersión lingüística con alumnado de 6º de educación primaria.	0,25 puntos por actividade.	2 puntos	
2.6. Non ter participado con anterioridade na convocatoria de estadias no estranxeiro ou na do programa PALE ou PIALE.		3 puntos	



ANEXO III

Modelo de folla de autobaremación

(Relacionar e numerar na mesma orde que aparece no anexo II.
As fotocopias cotexadas presentaranse na mesma orde)

Apartado	Méritos alegados	Puntuación
1.		
2.		
2.1.		
2.2.		
2.3.		
2.4.		
2.5.		
2.6.		





COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

De ser seleccionado/a nunha actividade deste programa, mediante a presente sinatura comprométome a cumprir todo o estipulado nas condicións de participación, asumindo a realización de todas as fases desta convocatoria.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



ANEXO V

Relación de actividades

Actividades	Prazas (*)	Destinos
1.1. PIALE. Inglés en infantil	10	Reino Unido (3 semanas)
1.2. PIALE. Inglés en primaria	10	Reino Unido (3 semanas)
1.3. PIALE. Inglés para profesorado CLIL de secundaria/FP	20	Canadá ou USA (3 semanas)
1.4. PIALE. Inglés para profesorado CLIL de primaria	5	Reino Unido (3 semanas)
2.1. PIALE. Integración para profesorado de inglés de secundaria	10	Canadá (4 semanas)
2.2. PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de secundaria	20	Canadá (4 semanas)
2.3. PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de primaria	15	Canadá (4 semanas)
3.1. Inglés para profesorado especialista	10	Reino Unido (2 semanas)
3.2. Francés para profesorado especialista	15	Francia (2 semanas)
3.3. Francés para profesorado non especialista	10	Francia (2 semanas)
3.4. Lingua portuguesa	10	Portugal (2 semanas)
3.5. Lingua alemá	5	Alemaña (2 semanas)

(*) As prazas ofertadas poderanse incrementar na medida en que se aumente o orzamento para a realización destas actividades.





COMPROMISO DE PROMOCIÓN DE SECCIÓN BILINGÜES E/OU PROGRAMA DE CENTROS PLURILINGÜES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

De ser seleccionado/a nunha actividade deste programa, mediante a presente sinatura comprométo a promover a creación/continuación do programa de seccións bilingües e/ou centros plurilingües no meu centro de destino e a impartir a miña materia na lingua correspondente.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

